



ACTA Nº 2021/13

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE CEE, venres 29 de outubro de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria en acumulación, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
AUSENTE
RAMÓN VIGO SAMBADE
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA EN ACUMULACIÓN: ROSA ANA GARCÍA FERNÁNDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación “ope legis” das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

- I. Borrador da acta da sesión realizada o día 24 de setembro de 2021.

No existendo alegacións que facera o borrador da acta da sesión anterior, enténdese aprobado por unanimidade.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS.

2. Proposta da alcaldía relativa á ocupación de terreos en relación co proxecto construtivo da nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubiión. Expediente Nº: 2021/X999/000021.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión informativa, sendo este favorable coa abstención do Sr. Serxio Dominguez e os votos a favor dos restantes integrantes daquela.

Sen xerarse debate e por unanimidade dos doce membros que de feito forman o pleno, acórdase aprobar a ditaminada Proposta de Alcaldía que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

ASUNTO: PROXECTO CONSTRUTIVO DA NOVA ESTACIÓN DE DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE CEE E CORCUBIIÓN EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000021

Considerando co pleno da Corporación, en data 30 de outubro de 2021, adoptou o acordo de aprobación do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello, aprobando posteriormente a súa modificación no pleno de data 27 de novembro de 2020.

Considerando co na cláusula segunda, apartado B.1 do convenio dispón a obriga do Concello de Cee de poñer a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para realizar os traballos técnicos precisos para a elaboración do proxecto construtivo “Nova estación depuradora de augas residuais de Cee- Corcubiión (A Coruña)”.

Considerando a solicitude de Aguas de Galicia de data 21 de setembro de 2021 asinada por Jean Pierre Blanco Menéndez, na que dí literalmente:

“A EPE Augas de Galicia está a redactar o proxecto construtivo da no estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubiión no marco do convenio de colaboración asinado o 18 de decembro de 2020 entre esta Entidade Autónoma e o Concello de Cee.

O contrato de servizo de redacción foi adxudicado a UTE Novotec Consultores SA & Serey Ingenieros SL.

Coa finalidade de realizar os traballos técnicos precisos para a elaboración do devandito, solícitase a posta en disposición dos terreos segundo a cláusula segunda, apartado B.1 do convenio asinado. Indicar que trala visita campo realizada con inicio deste servizo, é necesario proceder a limpeza da parcela previamente á execución destes traballos”.

Considerando o contido do “CAPÍTULO II- UNIDADE 2: XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE AMPLIACIÓN DA EDAR ACTUAL E ESTUDO DE ALTERNATIVAS” da redacción do proxecto construtivo da obra de mellora do saneamento nos municipios de Cee e Corcubiión (A Coruña). Clave OH 315.1152” achegada por Augas de Galicia coa solicitude anteriormente referenciada, na que sinala como alternativa para ubicación da depuradora a parcela con referencia catastral 5252012MH8555S0001JY, procedeuse a comunicar ao seu propietario a necesidade da ocupación temporal de dita parcela de conformidade co disposto no artigo 108 da Lei de Expropiación Forzosa de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



16 de decembro de 1954 (LEF) e nos artigos 125 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (REF).

Considerando a oposición expresa do propietario á ocupación temporal de dita parcela nos termos indicados, deuse conta ao Delegado do Goberno, como autoridade competente, para que adopte as medidas pertinentes, en cumprimento do establecido no artigo 110 LEF.

Considerando a contestación do Delegado do Goberno de data 14 de outubro de 2021, cuxo contido se transcribe a continuación, no que indica que a facultade para acordar a ocupación temporal no suposto que nos ocupa é unha competencia municipal:

“En relación co seu escrito do 8 de outubro de 2021, no que solicita a intervención do Delegado do Goberno como autoridade administrativa que substitúe ao Gobernador Civil co fin de que adopte a medida de intervención que permite a ocupación temporal dun terreo prevista no artigo 110.2 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, infórmolle de que, de acordo co artigo 126 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa, en estos supostos “transcorridas as corenta e oito horas sen que o propietario concedese expresamente o permiso, darase conta ao Gobernador Civil da provincia ou á autoridade competente por razón do caso, que resolverá sobre a necesidade da ocupación”.

Por tanto, dado que o tenor literal deste precepto alude ao Gobernador Civil ou a autoridade competente por razón da materia, a facultade para acordar a ocupación temporal nunha competencia municipal, como son as actuacións necesarias para concluír un proxecto construtivo da nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión, correspóndelle ao propio municipio, administración que ostenta a potestade expropiatoria, de acordo co previsto no art. 2.1 da Lei de expropiación forzosa”.

Por todo o exposto, PROPOÑO ao PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Proceder á ocupación temporal da parcela con referencia catastral 5252012MH8555S0001JY co obxecto que pola empresa redactora do proxecto construtivo da nova depuradora poda levar a cabo estudos ou practicar operacións facultativas de curta duración, para recoller datos para a formación do proxecto ou para o replanteo da nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión.

SEGUNDO.- Iniciar o procedemento de execución forzosa, en cumprimento do establecido nos artigos 97 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao non ser necesaria a autorización ou aprobación xudicial para proceder á ocupación temporal da referida parcela (trátase dunha parcela que non ten consideración de domicilio particular, por non ser local pechado sen acceso ao público).

Para estes efectos, por ser a ocupación temporal para a realización de traballos previos un acto non personalísimo de non facer ou soportar por parte do administrado, de ser necesario, requirirase a intervención das Forzas e Corpos de Seguridade, a fin de que adopten as medidas necesarias previstas normativamente a fin de garantir a normal execución de acto.

TERCEIRO.- Autorizar á Alcaldesa para a fixación das datas da ocupación temporal a concretar coa empresa redactora do proxecto da nova depuradora.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán”

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA

3. Proposta da alcaldía relativa á transferencia de crédito nº 5/2021. Expediente Nº: 2021/T002/000024.

A Secretaria manifesta que a Proposta a continuación recollida está favorablemente ditaminada pola Comisión informativa coas abstencións de Dna Carmen Díaz e D César F Pérez e o voto dos restantes membros da Comisión.

“**ASUNTO:** Transferencia de Crédito 5/2021 para obras
EXPEDIENTE Nº: 2021/T002/000024

D. Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, tras valorar a insuficiencia de crédito na aplicación orzamentaria relativa os gastos de mantemento de bens destinados ao uso xeral, vistos os créditos dispoñibles nas aplicacións destinadas a gastos de persoal ante a necesidade de realizar un gasto imputable á citada partida, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

PRIMEIRO: Dotar a partida do crédito suficiente para sufragar a realización do gasto, mediante a correspondiente modificación orzamentaria, dentro do orzamento para o 2020 prorrogado para 2021 (baixo a modalidade de transferencia de crédito, minorándose as partidas incluídas na ficha anexa), por un importe de 56.000 €.

SEGUNDO Este importe se destinará a facer fronte ós gastos que ocasionará o mantemento das infraestruturas públicas destinadas ao uso xeral.

FICHA DE TRANSFERENCIAS PROPOSTAS – EXPEDIENTE 05/2021

PARTIDA	IMPORTE	PARTIDA	IMPORTE
DISMUNC	DISMINUC	AUMENTO	AUMENTO
920/121.03	7.365€	150/212.00	
920/120.00	7.286€		
920/121.00	8.861€		
920/130.00	32.488€		
TOTAL			56.000€

Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

A sra Alcaldesa expón: “Tal e como se propuxo na Comisión informativa e según peticións de D Antonio Dominguez, propoñendo beirarrúas, pista en Pereiriña e quitamedos, de Dna Carmen Día propoñendo actuacións nunha estrada de Toba a Sembra e de D Serxio Dominguez, propoñendo quitamedos, retiro de barreiras arquitectónicas e paredes de Gures, trataremos de atender o que se poda tendo en conta que debemos facelo antes de finais do ano. Faremos o que podamos segundo o tempo que temos, as condicións climatolóxicas, os subministros, etc.”



Dña Pilar Iglesias intervén: “Qué seguridade temos de que vai cumprir con esas obras? Podería facerse unha enmienda para cotar incluír esas obras.”

A Alcaldesa respóndelle que na Comisión informativa e así consta en acta, fixo constar que as tería en conta e que teñan en conta que é competencia plenaria a concreción desas obras, aínda que non a aprobación da modificación.

D Serxio Dominguez expón no seu turno: “Falando de tempo, este punto xa se tratou no pleno de setembro e quedouse en convocar unha comisión para tratar as obras. A comisión fíxose aínda a semana pasada. Si teña prisa non debeu de esperar tanto e puido convocala antes. Non se fixeron as cousas correctamente e agora métenos entre a espada e a parede. Non poño en dúbida a súa palabra pero tiña que facer isto doutro modo.”

A Alcaldesa contesta: “Este debate é unha xustificación para votar en contra porque son 56.000 euros para unha aptida de mantementos e conservacións para obras na maioría pedidas pola oposición.”

Dña Pilar Iglesias responde : “Entendemos o que di pero debe de ser consciente de que a oposición está para facer oposición. Convocou unha comisión o luns para proposta de obras e encontrámonos co mesmo , queremos o seu compromiso. Cando trouxo a primeira vez esta transferencia pedímoslle unas obras. Se o houbera feito así xa se houbera aprobado isto no último pleno”.

D Juan Ramón Hermida intervén: “Reitero o meu voto a favor, son obras precisas e xa estaba falado.”

D. Serxio Dominguez volve a intervir: “Convoque outra comisión e chgaremos a un acordo”.

No mesmo sentido intervén D Antonio Dominguez.

A Sra Alcaldesa manifesta: “Atenderei todas dentro das posibilidades e se non se fan antes do 31 de decembro, terán que ir no orzamento do ano que vén.”

Sometido o asunto a votación, votan a favor da proposta os integrantes do G.M. do PSOE (4) e o Sr Hermida. Votan en contra os integrantes do G.M. PP (3), BNG (2) e IxC (2) .

A proposta queda rexeitada.

4. Proposta da alcaldía relativa ao suplemento de crédito nº 4/2021. Expediente Nº: 2021/T002/000028.

A Secretaria da conta do Ditame da Comisión informativa neste punto, na que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía cos votos a favor de Dña Margarita Lamela e D Juan Manuel Buiturón e a abstención do resto dos integrantes da Comisión.



A Sra Alcaldesa explica e contido e fin do suplemento.

Sometido o asunto a votación, coa abstención de Don Antonio Domínguez, Dna Agueda M^a Díaz e Dna M^a Victoria Areas e o voto a favor dos restantes integrantes, o Pleno acorda aprobar a seguinte Proposta de Alcaldía:

“ASUNTO: Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 4/2021.
EXPEDIENTE Nº: 2021/T002/000028

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2020, e determinado o cumprimento dos requisitos da Disposición Adicional sexta da lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e vista a Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e consonte co RD 27/2020 de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais destinando o remanente para gastos xerais e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 4/2021, e en consecuencia, destinar **63.948,11€€** do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
153.2/619.00	26.246,41€	Vías públicas, inversión.
165/619.00	35.715,36€	Alumeado público, inversión.
151/637.00	993.17€	Proxectos
920/227.06	993.17 €	Traballos técnicos
TOTAL	63.948,11€	

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.
A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.”



B) PARTE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

5. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: da nº 941/2021 do 20 de setembro á n.º 1076/2021 do 25 de outubro.

O pleno queda enterado .

6. Dar conta dos seguintes asuntos: (Expediente Nº 2021/X999/000329):

- Periodo medio de pagamento a provedores, 3ª trimestre 2021.
- Informe de morosidade , 3ª trimestre 2021
- Execución trimestral do orzamento, 3º trimestre 2021
- Custos servicios 2020

O pleno queda enterado de todo elo.

7. Mocións de urxencia.

De acordo ao establecido no ROF, a Sra Alcaldesa pregunta se algún grupo quere introducir algún asunto por razón e urxencia.

O representante do BNG manifesta que quere introducir dúas mocións.

A primeira delas e a moción sobre o Anteproxecto de Lei da Mellora da Xestión do ciclo da Auga. O Sr Serxio Dominguez manifesta que a urxencia no tratamento desta moción ven dada polos prazos do Parlamento e "ser a única forma para facernos oír".

Sometida a urxencia a votación , por unanimidade o pleno acorda declarar a urxencia polo que se procede ao seu debate.

O Sr SerxioDominguez da lectura á Moción recollida a continuación:



Don Serxio Domínguez Louro e Don César F. Pérez Martínez, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Cee, ao abeiro do regulamento, elevan ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN sobre o Anteproxecto de Lei de Mellora da Xestión do Ciclo da Auga

Exposición de motivos:

1.- A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto vén despois do seu fracaso ao intentar impoñer a cofecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei afástase moito do seu título, xa que nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

Os obxectivos reais do mesmo poden resumirse en dous: incrementar de xeito importante a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos Concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis, e derivar nas entidades locais, Concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias.

2.- Desde a súa chegada á presidencia da Xunta en 2009 a actuación do goberno do PP en relación coa xestión integral do ciclo da auga caracterizouse pola ausencia de planificación e programación. Galiza non ten elaborado nesta altura de 2021 ningún plan de xestión integral do ciclo da auga no ámbito das competencias galegas. O goberno presidido polo sr. Feijoo nin tan sequera cumpre coas obrigas legais establecidas en leis elaboradas por el mesmo. Así, non está elaborado o plan xeral de abastecemento nin o plan xeral de saneamento, pendentes desde a aprobación da Lei de augas en 2010. Na responsabilidade da Xunta de rexeneración e saneamento integral das rías non se avanzou nada, estando a día de hoxe pendente de sancións da UE por incumprimento reiterado das súas obrigas en materia de depuración.

No ano 2013 a Xunta asinou coa FEGAMP o Pacto Local da Auga que tiña como finalidades establecer os criterios tarifarios e de planificación hidráulica cos concellos, facendo referencia ao reparto dos fondos derivados dos ingresos polo canon da auga. Hoxe en día está todo por facer ou incumplido no referente a este Pacto da Auga, mentres a Xunta segue a impoñer impostos, taxas e obrigas aos Concellos.

3.- A precaria situación da planificación e xestión da depuración por parte de Augas de Galiza fai que agora pretendan devolverlle esa responsabilidade aos concellos (20 anos despois de declarala de interese xeral), utilizando a modificación e elaboración de novos marcos legais para esquivar as súas obrigas. Mesmo usando mecanismos de presión impropios dun goberno democrático, aqueles Concellos que non acepten as condicións da Xunta non participarán dos investimentos en obras hidráulicas.



9.- O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas de abastecemento que xestiona a Xunta. Novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o custe actual. A Xunta segue a introducir taxas nunha Lei evitando desta forma a capacidade de introducir cambios ou acordos por parte das entidades ás que presta o servizo. Hai no Anteproxecto de Lei unha confusión interesada entre convenio e relación contractual pola prestación dun servizo que terían os Concellos con Augas de Galicia como entidade empresarial.

10.- A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos Concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo. Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos os actores involucrados na súa solución: Xunta, Entidades locais, comunidades de Augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias...

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1-Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.

2- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión do ciclo da auga para a elaboración desta planificación.

Inicia do debate o Sr. Antonio Domínguez:

“Se fora posible deberíamos de volver ao sistema de mocións que tíñamos antes porque esta chegoume fai pouco tempo.

Os argumentos do BNG para criticar este Anteproxecto son falsos, xa que non é verdade que a Xunta derive aos concellos as súas competencias en materia de auga pois o abastecemento, saneamento e depuración son competencias que a lei 7/85 de Bases de Réxime Local da aos concellos. Pese a non ter competencias nesta materia a Xunta da subvencións e realiza obras nos Concellos.

Non é verdade que este Anteproxecto incremente tarifas ou estableza taxas, só redistribúe tributos.

Non é verdade que sexa unha declaración unilateral pola Xunta porque son os Concellos quen piden esta xestión á Xunta.

Non é verdade que a Xunta faga política clientalista nesta materia pois actúa no que é máis preciso e urxente.

Non é verdade que a elaboración da norma non responda a un procedemento transparente pois houbo prazo para alegacións e acordaronse cousas no marco da Fegamp.



Exp. 2021/G010/000013

Este anteproxecto quere mellorar o ciclo integral da auga tendo en conta as peculiaridades de Galicia e os problemas dos concellos para facer fronte ás actuacións en materia de augas. Unha xestión óptima do ciclo da auga implica grandes inversión e é importante ter boas infraestruturas para xestionala ben. Afrontar esas obras precisa colaboración entre todas as administracións, tamén das Diputacións que deben de apoiar aos concellos no exercicio das súas competencias.

O anteproxecto quere axudas aos concellos nesta materia para cumprir coas directivas europeas ao respecto e seguindo a premisa de que quen contamina, paga.”

Intervén seguidamente D Rubén Villar: “Estamos de acordo ca moción do BNG e botamos en falta que concrete as actuacións que deberían de realizarse. Dende a Diputación provincial fixéronse alegacións e houbo reunión con distintos entes implicados, tamén empresas privadas, nas que se fixeron aportacións de diferentes técnicos e o PP da Xunta non tivo a ben delas en conta no seu anteproxecto. O Sr Domínguez fala de “redistribuir tributos” cando en realidade o que queren é que os concellos sexan quen suban as taxas e despois o cobran eles para facer as infraestruturas.”

Sometida a moción a votación, resulta aprobada polos votos a favor do GM PSOE (4), BNG(2) e IxCee(2) , a abstención do Sr Hermida e o voto en contra dos integrantes do GM PP (3) .

D Serxio Domínguez presenta unha segunda Moción para adherirse á iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza, e xustifica a urxencia polos prazos da tramitación no Parlamento.

A continuación sométese a votación a urxencia, votando a favor desta todos os integrantes do Pleno polo que se pasa ao tratamento da mesma.

D Serxio Domínguez da lectura á moción:



Don Serxio Domínguez Louro e Don César F. Pérez Martínez, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Cee, ao abeiro do regulamento, elevan ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN para adherirse á Iniciativa Xabarán do Parlamento de Galiza

Exposición de motivos

Plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar ,ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nen sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas. Mesmo a canle pública estatal, TVE, tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua 39 minutos sobre un total de 120 horas diarias. Até o momento a lexislación xeral audiovisual só estableceu porcentaxes obrigatorias de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao noso sector audiovisual.

Porén, esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual. En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarán impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, que xa contemplaba algunhas medidas para corrixir esta situación solicitando accións para:

- Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.
- Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguinte ACORDO:

O pleno do Concello de acorda adherirse á Iniciativa Xabarán do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP nº 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

Iníciase o debate coa intervención de D Antonio Dominguez, que expón (resume):

Propoño unha enmenda que de non ser aprobada suporía o noso voto en contra:

O pleno acorda adherirse á Proposición non de Lei, aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia o 12 de maio de 2021 para unha mellor difusión da programación infantil e da mocidade en galego e notificarlle este acordo á Secretaria de Estado de Telecomunicacións e a Axenda Dixital da Vicepresidencia de AAEE, así como á Dirección Xeral de RTVG."

Argumenta a continuación: "Na exposición de motivos da moción do BNG falan de que o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade a iniciativa Popular Xabarán impulsada pola Mesa de Normalización Lingüística. Pero o texto que finalmente aprobou o Parlamento non foi o que se publicou no BOP de 21 de abril de 2021. Ese texto foi mellorado polo Grupo Parlamentario Popular.



Polo tanto este grupo municipal só se vai adherir á proposición non de lei que o parlamento de Galicia aprobou o 12 de maio de 2021, que se publicou no BOPG de 21 de maio de 2021.”

1º.- Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, adsl e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2º.- Reclamar do Goberno de España que dentro do marco das súas competencias promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3º.- Instar o goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de Lei Xeral de Comunicación Audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova Lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

4º.- Así mesmo o Parlamento insta o goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RTP en Galicia e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias”.

PROGRAMACION INFANTIL NA TVG



A programación infantil segue ocupando unha parte significativa das emisións da segunda canle da TVG e nunhas franxas (mañá, mediodía e tarde) compatibles cos horarios escolares.

A **G2** ofrece 7 horas de animación diarias de luns a venres, repartidas en tres bloques diferenciados (almorzo, xantar e merenda); e durante as fins de semana concéntrase a oferta no horario matinal. Esta programación representa arredor de 1.600 horas anuais. Complementan esta oferta de programación infantil as producións de selo galego, onde hai que destacar 'Os Bolechas', 'Os Bolechas no Cole' e 'Braulio Tuber', e series galegas como 'As aventuras de Minchi' ou 'Tutu'.

Todos estes contidos están accesibles tanto a través da **web da CRTVG**, como a través da **aplicación móbil (App) do Xabarín**, e na **canle Xabarín TV da App da CRTVG**, coa intención de garantir a posta a disposición da maior e mellor oferta de contidos posible

Sometida a votación a moción, queda aprobada co voto en contra dos tres integrantes do G.M. PP e os votos a favor do resto dos integrantes do pleno (9).

8.- Rogos e preguntas.

D Antonio Dominguez: "Estiven en Pereiriña e a estrada que vai a Touriñan ten as tajeas sucias. Se a van recepcionar deben de limpala antes."

A Alcaldesa responde: "Ainda non está recibida e cando se vaia facer, revisarase todo".

Antonio Dominguez: "Díggolle o mesmo das que asfaltou o Concello dende a escola a Vilanova. Hai tamén un bache que debe arranxarse."

A Sra Alcaldesa contesta: "limpáronse cando se fixeron pero xa creceu a herba. O bache está pendente do seguro."

Antonio Domínguez: "O PXOM, en xuño deberían de ter presentado o proxecto inicial, haberá que penalizar por incumprimento de prazos."

A Alcaldesa responde: "O responsable do contrato é o arquitecto municipal e nas reunións co equipo redactor comprometéronse a ter o Avance antes das Navidades. Se son aplicables penalidades, haberaas."



Antonio Domínguez: "Noutro pleno pedinlle a marca e características das luminarias e non mas pasou."

A alcaldesa respostalle que foi un olvido e que llas remitirá esta semana.

Antonio Dominguez: "O Centro comercial está quedando sen clientes e o Concello ten maioría para convocar aos propietarios, non podemos deixar morrer esa inversión."

A Sra Alcaldesa contesta: "Estase a traballar sobre elo e traerei unha proposta para o seu estudio, para o enfoque que se pode dar. Terei unha reunión coa xerencia o 18 de decembro."

Dna Pilar Iglesias intervén: "Entendemos que o goberno cando fai obras dea traslado á cidadanía do que fai pero non debe enganar e un membro do seu goberno fixo alusión a que non facían unha pista en Fadibón porque a oposición votará en contra."

Respecto aos parques infantis, vostede falou de que había unha cuadrilla facendo arranxos pero siguen igual. As fotos que lles enviei son do parque da Ameixenda, con tanta herba non se pode entrar.

Todo o mundo ten dúbidas sobre o parque eólico e aínda que intentemos explicalo a xente non entende ben. Solicitamos ver as alegacións e/ou expoñelas ao público."

A Sra Alcaldesa responde: "O seu grupo pode velas cando queira. En canto ao de Fadibón non sei nada, comentáronllo a vostede e hai que ver se é ou non certo."

Respecto ao parque infantil de Brens, un operario repasou o parque, volverei a mandarllo e tamén ao de A Ameixenda. A subvención deste ano foi para o parque de Brens e cada ano destinarase a un parque.

En canto ao parque eólico, ao parecer foron unhas persoas polas parroquias e queren montar algo pero non presentaron nada de momento. Púxenme en contacto con eles e dixenlles que non era forma de facer as cousas. Non son dos proxectos de Amtega, dos que están no Ministerio."

Intervén seguidamente D Serxio Domínguez: "Enlazando co de parque eólico, tamén sei que están a falar do parque de Sembra. Saben como dar os pasos correctos e esas persoas están tanteando á xente e vendendo a moto como fan sempre."

A Alcaldesa responde: "En caso de que se queira montar un parque, con todos os permisos, trataremos de pór unha persoa experta para informar aos veciños."

Continúa D Serxio Domínguez:

- O bache ao que se refire D Antonio Dguez é o da escola? A Alcaldesa contesta que sí.
- Creo que hai aforo completo en todos os ámbitos e que tamén o debe haber nos plenos, poderíamos facer que volva o público.



Exp. 2021/G010/000013

- Temos os concelleiros/as sala a disposición para consultas de expedientes?
- A Sra Alcaldesa contesta que hai un despacho e que non haberá problema ao respecto.
- No pleno de setembro preguntei polo hórreo do Recheo se foi limpado con auga a presión e pedin as características do produto.
- A Sra Alcaldesa contesta : “non era preciso pedir permiso e respecto ás características pode pasar por aquí e se lle informa.
- Cómo está o tema dos terreos da depuradora do Porcar?
- A sra Alcaldesa contesta: Hai unha negativa por parte da propietaria que pretende que se lle compre todo o terreo, cando só precisamos unha parte. Propuxo unha permuta que non é posible e acabárase nunha expropiación se non hai acordo.

D Juan Ramón Hermida intervién: “Pode informar da data concreta desas obras do POS e tamén houbo unha demanda de espellos para cruces. Téñao en conta”.

A Sra Alcaldesa resposta: “Normalmente cando se reclama un espello a Policía Local comproba se é preciso e se coloca. Non teño constancia do que di. Estamos coa adxudicación de catro das obras do POS: Porcar, Rúa Magdalena, Escabanas e outra.”

D. Serxio Domínguez volve intervir: “Respecto ao dos espellos sobre a vía recién asfaltada da escola, na primeira casa da curva, había un espello e xa non está e pode ser perigoso.”

D Juan R hermidia: “Reitero que fai falta algún ceda o paso nas aldeas, creo que faltaba informe da Policía Local, p. ex en A Pereiriña, Codesos e quizá outro en Brens.”

A sra Alcaldesa constestalle que o mirará.

D Rubén Villar intervién: “Quero responder a Pili e que coñeza a miña versión. Fixemos un tramo de Fadibón e unha persoa me preguntou porque non se facía todo e dixenlle que para iso temos que contar coa oposición e respondeume que xa falarei eu con Ramón e Pili”.

Non existindo máis asuntos dos que tratar, a Sra Alcaldesa levanta a sesión, sendo as 22 h. Do tratado nela eu, Secretaria en acumulación, dou fe.

A secretaria en acumulación, Rosa Ana García Fernández

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán